

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 19 DE DECEMBRO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e tres minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezaoto, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria urxente, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

**Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup> MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE  
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS  
D<sup>a</sup> MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup> MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

**Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR**

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA  
D<sup>a</sup> MARÍA OFELIA RAMOS LUNA  
D<sup>a</sup>. MARÍA NIEVES VÁZQUEZ GRELA

**Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

D<sup>a</sup> MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ  
D<sup>a</sup>. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

**Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO**

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS  
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

**Polo GRUPO MIXTO**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)  
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS), que se incorpora no momento que se expresa na presente acta.

Non asiste á sesión a concelleira non adscrita, dona Verónica Rivadulla Deschamps.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA**

A Presidencia propón aos membros da Corporación municipal declarar a urxencia desta convocatoria debido á necesidade de solicitar a participación deste Concello no Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de Concellos "POS+2019") antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, que é o día 20 de decembro de 2018 ás 14:00 horas, non sendo posible convocar con anterioridade a sesión plenaria ao non estar o expediente rematado e completo. E polo que respecta ao punto número 3 da orde do día, a urxencia está motivada pola necesidade de resolver o expediente e notificar a resolución antes do remate do prazo máximo de resolución, o día 27 de decembro, sendo necesario contar cuns días hábiles aos efectos de practicar a notificación, e non sendo posible convocar a sesión con anterioridade ao non estar o expediente concluído.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, pregunta polas razóns da urxencia pois considera necesario para poder votar a urxencia ter algo de información pois nas razóns expostas na convocatoria dise que non foi posible telo presentado antes e lle gustaría ter algunha explicación a maiores.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a urxencia vén dada porque por un lado, o prazo de presentación remata o día 20 do presente mes, non sendo algo que ocorra só no Concello de Culleredo senón que se está dando en practicamente todos os concellos da comarca que se acollen a este Plan de obras e servizos, un plan único da Deputación, que están a celebrar os seus plenos respectivos para poder acollerse en tempo e forma ao dito plan, e pon como exemplo a Oleiros, Carral, ou Sada; que coincide tamén que son unhas datas complicadas, con funcionarios de vacacións, e o propio devenir das normas de procedemento e dos distintos procedementos de contratación fan cada vez máis complicada esta situación, ocasionando un problema en todos os concellos como consecuencia da aplicación das distintas normativas que se viñeron impondo desde o Estado ás Entidades Locais e que implican entre outras cousas falta de persoal, sendo o certo que os funcionarios fixeron un enorme esforzo, algúns deles incluso interrompindo vacacións para poder facer os informes preceptivos, para poder sacar adiante este expediente.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que lle dá moita rabia que continuamente se lle bote culpa aos funcionarios pola mala xestión do equipo de goberno.

(neste momento incorpórase á sesión o concelleiro don Jesús Manuel Vázquez Lozano)

Continúa a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela e di que si é certo que este Plan ten uns prazos determinados e que hai concellos que xa celebraron os seus plenos para solicitar a participación no mesmo e outros están a facelo nestes días, pero neste caso non se trata dun pleno extraordinario senón dun pleno extraordinario e urxente no que non se lles deu prazo para poder ver os expedientes, tratándose de dous temas de importancia; que están de acordo en que hai que facer as obras e en que hai que cumprir pero pide en primeiro lugar que deixen de botarlle a culpa aos funcionarios da súa mala xestión pois hai concellos que o aprobaron un día antes contando coa metade de

funcionarios dos que conta o Concello de Culleredo; que ademais chove sobre mollado, pois non se dá o caso de que hoxe se presente este punto sen dar tempo a nada senón que se supón, pois ninguén lles informou de nada, que se anulaban as comisións informativas previstas para o día seguinte o o pleno ordinario do mes de decembro; que o actual alcalde négase a ir ás xuntas de voceiros, que é onde se lle podería preguntar algo, non sabendo se o equipo de goberno pensa que os únicos votos válidos son os dos veciños que votaron ao PSdeG-PSOE, preguntando pola forma que teñen de ningunear á oposición, non molestándose nin sequera en explicar cando hai un problema para poder ver como se pode arranxar, nin unha chamada para informar á oposición, dando a impresión de que cada vez se ningunea máis e máis á oposición e aos veciños que non o votaron, como se ser alcalde fose soamente pasearse cada día nun Mercedes diferente.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e dos asuntos incluídos na orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (quince), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Santos Iglesias, Taibo Gago e Chouciño Garrido.

Votos en contra: 3 (tres), dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez e Carballeda Feijoo.

Abstencións: 1 (unha) do sr: Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de urxencia da convocatoria da presente sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.- PROPOSTA RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019".**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 18 de decembro de 2018, que ltrascrita di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e oito de setembro de dous mil dezaoto, acordou a aprobación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2019), no que a este concello lle corresponden 1.227.617,29 €, dos que

Achega provincial 2019	537.344,80 €
Achega provincial 2018	321.228,14 €
Préstamo provincial 2019	369.044,35 €

En base a todo o cal, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>600Z 5Y04 1506 2132 0A6P</b>	

continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	296.142,92 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	296.142,92 €

**C ) Financiamento de investimentos:**

C.I.F. P-1503100-H

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación do pavimento na R/ Pérez de Traba (VP-93)	39.973,74 €	0,00 €	39.973,74 €
Renovación de vias municipais en Boedo (VP-578) e Rumbo (VP-501, VP-502 e VP-359). Concello de Culleredo	111.210,71 €	9.743,16 €	120.953,87 €
Acondicionamento Polideportiva descuberta en Fonte da Balsa y Sagrada Familia	90.017,43 €	0,00 €	90.017,43 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>241.201,88 €</b>	<b>9.743,16 €</b>	<b>250.945,04 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología led y sistema de telegestión en la avda. Acea da Ma	131.228,14 €	22.809,06 €	154.037,20 €
Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en Avda. Da Coruña, Avda. De Galicia, R/ Costa da Lonxa y R/ Alexandre Bóveda	130.000,00 €	1.325,61 €	131.325,61 €
Acondicionamento polideportiva descubierta de Pelamios	60.000,00 €	3.748,79 €	63.748,79 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>321.228,14 €</b>	<b>27.883,46 €</b>	<b>349.111,60 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Humanización Ribados	369.044,35 €	23.879,36 €	392.923,71 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	<b>369.044,35 €</b>	<b>23.879,36 €</b>	<b>392.923,71 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2018			
	Achega 2019			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2019	296.142,92 €		296.142,92 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2019	241.201,88 €	9.743,16 €	250.945,04 €
	Achega 2018	321.228,14 €	27.883,46 €	349.111,60 €
	Préstamo 2019	369.044,35 €	23.879,36 €	392.923,71 €
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2019			
<b>TOTAL</b>	Achega 2019	241.201,88 €	9.743,16 €	250.945,04 €
	Achega 2018	321.228,14 €	27.883,46 €	349.111,60 €
	Préstamo 2019	369.044,35 €	23.879,36 €	392.923,71 €
	<b>TOTAL</b>	<b>1.227.617,29 €</b>	<b>61.505,98 €</b>	<b>1.289.123,27 €</b>

C.I.F. P-1503100-H

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Renovación de red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en Avda. Xoán Carlos I	142.188,67 €
Acondicionamento polideportiva descubierta de A Corveira	48.165,77 €
Acondicionamento polideportiva descubierta en Peiro de Arriba	85.515,77 €
Rehabilitación do pavimento na R/ Alvaro de Medaña e na R/ San Fernando	32.213,73 €
<b>TOTAIS</b>	<b>308.083,94 €</b>

3.- Declarar que o concello comprométese a realizar cantas actuacións sexan necesarias para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada, relacionando as obras a incluír e o seu financiamento.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que desde Ciudadanos fixéronse aportacións a este Plan, sendo incluídas algunhas propostas e outras non; que lles gustaría que se tiveran incluído algunhas máis pero saben que os proxectos levan tempo e os que se puideron materializar para que entrasen neste plan son os que hai, anunciando que o seu voto vai ser a favor pois consideran que tanto estes investimentos como outros son necesarios para o Concello.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que acaban de aprobar a urxencia do Pleno polos motivos expostos derivados da urxencia dos prazos e que, estando de acordo con moitas das cuestións advertidas pola Sra. Ferreiro, quere engadir que este é o segundo ano que o fan e no que contan con menos de vinte e catro horas para ver unha documentación abundante e complexa como implica a tramitación das axudas dos plans de investimento da Deputación, esperando que sexa este o último ano no que teñan ocasión de facelo así; que vai facer unha pequena análise das propostas presentadas aínda que non haxa xa posibilidade ningunha de corrección xa que o equipo de goberno non ten consideración ningunha cos grupos da oposición, ou polo menos co BNG, para dicir por onde van as propostas que queren trazar ou polo menos algunhas delas, habendo un proxecto de marzo de 2018 sen que desde esa data se preguntara en ningún momento que lle parecía á oposición que se presentara ese proxecto, como tantos outros asuntos nos que non se conta para nada coa oposición; que se trata de tres partidas de investimento que suman a cantidade de 1.227.000 euros, unha cantidade importante de cartos e un financiamento que se debería aproveitar para trazar un Culleredo mellor dotado de servizos e infraestruturas, cumprindo analizar se o goberno municipal é quen de facelo; que nunha das achegas piden unha partida para gasto corrente de case 300.000 euros, sendo un ano máis utilizados os programas da Deputación de plans de investimento para gasto corrente, sabendo que si poden facelo pero en todo caso a finalidade última era que fora para investimento, preguntando se non teñen ideas para eses 296.000 euros e por iso piden cartos a fondo perdido que xa se empregará en gasto corrente como bolígrafos, gasolina, etc; que deixan cada ano o orzamento sen executar, deixando para aforro a partida que para este fin se pediu o ano pasado e presumindo despois de superávit e de aforro cando se deixan sen cubrir necesidades de infraestruturas e servizos; que se tiveran unha idea de como facer un Culleredo renovado cunhas obras transformadoras que cambiaran a vida das persoas terían propostas para presentar a este e a outros plans; que hai propostas veciñais tanto o ano pasado coma este e que non serve como excusa o tema dos funcionarios pois a maior parte dos proxectos son de técnicos de fóra da casa.

Continúa a súa intervención e di que no caso do financiamento dos investimentos unha das obras queda supeditada ao financiamento do Concello que vai con cargo a un orzamento que aínda non presentaron a pesar de que vai rematar o ano, entendendo que unha vez máis quedará supeditado ese financiamento aos orzamentos que non presentaron, non sabendo tampouco como van ter en conta que houbo propostas da veciñanza e que está recollido nunha ordenanza que o 25% deses investimentos debería decidilos a veciñanza pero que, sen terse reunido o Consello sectorial de participación cidadá e despois de ver como foron os Consellos sectoriais onde nin tiveron a ben presentar por escrito as propostas veciñais para que todos as puideran coñecer, vese que ese 25% é un fume que venderon; que outra das cuestións que lle chama a atención é que insisten en tramitar melloras de alumeadado con

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

financiamento propio e alleo pero sempre público cando existen sistemas de financiamento privado que se iría amortizando con aforro sen contar débeda e que permitiría usar ese financiamento que queda dispoñible para ir construíndo ese Culleredo do que antes falou con melloras nos seus servizos e nas súas dotacións, pero iso precisa de ideas, de capacidade, de vontade, dando a entender o equipo de goberno reiteradamente que non teñen nin as unhas nin as outras; que en total son 261.000 euros dos investimentos para melloras eléctricas que se poderían financiar doutra forma e que quedarían dispoñibles para facer un parque municipal a carón da Costa da Lonxa ou para mellorar a praza de Galicia ou tantas outras cuestións que teñen remitido os veciños reiteradamente.

Continúa dicindo que quere facer tamén unha pequena mención ao proxecto de Humanización da rúa Ribados pois lle parece ben pero non sabe o que o equipo de goberno entende por humanización, non tendo tempo para ver o proxecto en detalle en menos de vinte e catro horas; que en total deses 1.289.000 euros que suman estes tres plans da Deputación o equipo de goberno deixa de empregar en dotacións necesarias os 261.000 dos que falaba para gasto corrente e os 296.000 dos que se fala para plans de mellora eléctrica que poderían ser financiados doutra forma, en total 557.000 euros que supoñen o 45% destas partidas de investimento; que non poden estar de acordo con esta forma de administrar pois o equipo de goberno a pesar de contar con recursos non son quen de utilizalos de forma positiva; que en particular, e para rematar, quere comentar un asunto referido a que hai un informe desfavorable dunha das obras que é o "Acondicionamento da polideportiva descuberta en Fonte da Balsa e Sagrada Familia" porque non consta a autorización preceptiva de Augas de Galicia, non entendendo que non se tivera solucionado xa esta cuestión co tempo que houbo, anunciando que non van votar a favor nin tampouco en contra pois todas as obras fan falta e non está a tempo de participar nunhas propostas alternativas.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que eles adiantan tamén que non van votar en contra de facer obras no Concello de Culleredo, moitas delas necesarias, e que non é por repetirse pero si quere deixar constancia de que suscriben practicamente todo o dito xa pola voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños aínda que eles pensan que si, que os puntos que van no Pleno deben debatirse e ese é o motivo polo que votaron a favor da urxencia pero que non lle gusta que se lle convoque con vinte e catro horas de antelación e que dispoña da documentación nese mesmo prazo, o que fai moi difícil a labor da oposición; que lle chama a atención por exemplo o importe dalgunha obra como a humanización da rúa Ribados, case 400.000 euros, e sabe que é unha rúa moi longa, con moitas necesidades, pero non sabe exactamente o que se vai facer nela, pedíndolle ao sr. alcalde que se poña na situación dos concelleiros e concelleiras da oposición que en tantas ocasións os veciños lles preguntan por cuestións que saen en prensa e eles non teñen información concreta para darlles, motivo polo que non poden votar a favor desta proposta.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañas Varela e di que comparte tamén o dito polo Sr. Chouciño Garrido respecto da urxencia deste pleno, pois todos saben que o POS é importante pero non é nada novo pois a Deputación non é a primeira vez que saca este plan, nin a segunda nin a terceira e puidera ser que no mes de novembro non estivera preparado pero poderíanse ter manexado tempos intermedios para que non houbera que convocar un pleno dun día para outro e dado que non houbo tempo material para poder analizar con detalle as propostas, pide que se lle expliquen na sesión para poder darlles unha explicación aos veciños e veciñas que lla pidan.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que está de acordo en que os plenos deberían convocarse con máis antelación e dispoñer da documentación en tempo e forma pero de todos é sabido que non só o Concello de Culleredo senón tamén moitos dos concellos limítrofes están a celebrar estes días as súas sesións plenarias para poder aprobar as propostas de acollerse ao Plan da Deputación, cuestión non sen importancia senón resultado do propio devenir administrativo do procedemento e se fora só o Concello de Culleredo o que está a tramitar o Plan de Obras e servizos de maneira urxente e extraordinaria podería admitir as propostas pero é que son a maioría dos concellos, moitos deles con maioría absoluta; que o equipo de goberno en ningún momento lle botou a culpa aos funcionarios senón todo o

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

contrario, se lles agradece o inxente esforzo que fixeron na tramitación destes expedientes, nalgúns casos incluso renunciando ás vacacións ás que tiñan dereito; que ao equipo de goberno lle agrada que a oposición estea de acordo coas propostas recollidas neste punto e respecto á proposta na que consta un informe desfavorable por non contar coa autorización de Augas de Galicia di que si consta un informe favorable do xefe de servizo de urbanismo, o arquitecto municipal, que di que previa á execución da obra deberá obterse a autorización de Augas de Galicia; que a Deputación, nas súas bases e nos seus procedementos, o que solicita é que ese informe estea cando menos tramitado e solicitado polo que supón que esta cuestión se lle pasaría ao departamento correspondente xa que en data 15 de novembro de 2018 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Aguas de Galicia- que se emitira ese informe, sendo evidente que antes de autorizar a execución da obra terá que estar ese informe outorgado no expediente pero non é motivo para que se deixe de tramitar pois iso é o que pide a Deputación, respecto do Plan de Obras e Servizos; que non só se tramitan os investimentos referidos por importe de 1.289.000 euros senón que vai tamén o Plan complementario por importe de 308.083,94 euros, que leva a renovación da rede de alumeadado con tecnoloxía led e sistema de telexestión na avda. Xoan Carlos I, o acondicionamento da polideportiva descuberta da Corveira, o acondicionamento da polideportiva descuberta en Peiro de Arriba e a rehabilitación de pavimento na rúa Álvaro de Mendaña e na rúa San Fernando.

Deseguido intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que respecto dos proxectos correspondentes ás obras indicadas na proposta, están os técnicos municipais e técnicos redactores dos proxectos á disposición da oposición para velos con detalle.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o informe desfavorable referido, que conta cun informe favorable do xefe de Urbanismo, o que di é que queda condicionado, o que non quere dicir que o resultado da tramitación no día de mañá unha vez informado Augas de Galicia vaia ser positiva, e puidera ser que fose negativa co que se deixa unha proposta de investimento condicionada ao destino, considerando que se podería ter metido outra obra que contara con todos os informes favorables e deixar esta para despois tramitala no orzamento con cargo a fondos propios, dando a impresión de que o equipo de goberno non dispón dunha lista para estas eventualidades, dándose ademáis a casuística de que o proxecto é de marzo de 2018, non sendo capaces desde esa data de obter unha autorización de Augas de Galicia, o que dá a entender unha falta de capacidade, non falta de funcionarios pois os máximos responsables das áreas son cada un dos concelleiros e concelleiras do equipo de goberno.

Deseguido intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que con respecto a Augas de Galicia, xa teñen anunciado verbalmente que non hai ningún problema dado que hai xa unha polideportiva construída con permiso e agora trátase dunha reforma, motivo polo que se incluíu este proxecto.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de decembro de 2018, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 7 (sete) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo e Chouciño Garrido.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de decembro de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

### **3.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO EN MONTE COSTA (CULLEREDO).**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de decembro de 2018, que transcrita di:

“O 06/5/2003 formalizouse entre o concello e Club de Campo As Mariñas, CIF A15758097, contrato para a xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa.

O 27/09/2018 o Pleno Municipal, ante a constatación de diversos incumprimentos por parte do contratista de obrigas esenciais do contrato, entre elas o incumprimento de pago do canon establecido, aprobou incoar procedemento de resolución do mesmo.

O devandito acordo, así como o inicio do prazo para presentar cantas alegacións estimasen oportunas en defensa dos seus intereses, foi notificado ao contratista e ao avalista: ao avalista no seu domicilio e ao contratista, logo de intentar a notificación no domicilio coñecido, a través do Taboleiro Edictal Único do Boletín Oficial do Estado.

Unha vez que o prazo de alegacións transcorreu sen que nen o contratista nen o seu avalista formularan a súa oposición ao acordo de resolución do contrato, vistos os antecedentes que constan no expediente e visto o informe conxunto da intervención e a secretaría municipais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Resolver o contrato de explotación de xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa asinado o 06/5/2003 entre este Concello e a empresa Club de campo As Mariñas, CIF A15758097, dados os incumprimentos do mesmo polo contratista. Esta resolución suporá a conseguinte reversión ao Concello dos terreos e instalacións que forman parte do contrato que, de acordo coa cláusula 6 do PCAP deberá deixar libres na data en que remate o contrato, quedando a beneficio do Concello de Culleredo todas as obras e instalacións de mellora realizadas nas mesmas, que deberán estar en perfecto estado de funcionamento. A estes efectos, requirirase ao concesionario para que faga entrega ao Concello de toda a documentación necesaria para formalizar a reversión destes bens e para que este poida continuar coa xestión do servizo.
2. Incautar a garantía definitiva constituída por Club de campo As Mariñas, CIF A15758097, por importe de 120.202,42 €.
3. Unha vez resolto o contrato, proceder á liquidación do mesmo, na que se incluírá, no seu caso, a indemnización que corresponda percibir ao Concello polos danos e perdas ocasionadas.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Pleno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención, de data 18 de decembro de 2018, (código de documento USG12I018F) que nas súas consideracións xurídicas di:

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia de que a resultados do exame do expediente en papel facilitado ,numerado en data 11 de abril de 2016 polo xefe de Gabinete da Alcaldía(segundo dilixencia que figura ao folio 591) constatouse que non toda a documentación con incidencia no asunto se atopa nun mesmo expediente no aplicativo de expedientes(Opencertiac), polo que deben relacionarse co expediente UCP/2018/625 todos os que teñan relación (entre eles, os expedientes UGT/2015/24 e o UGT/2016/14) . E verbo da documentación contida nestes últimos, dado que non se trata de documentos asinados dixitalmente, debe incorporarse ao expediente os orixinais asinados de todos os documentos.

Tamén cómpre advertir que na dilixencia que figura no expediente UGT/2016/14 (código de documento UGT10I0025) anteriormente citada( folio número 591 do expediente en papel ) , faise constar que “...*Faise constar que a documentación recopilada non sempre está en formato orixinal nin se atopa completa, polo que na medida que se dispoña de novos documentos iranse incorporando ao expediente...*”.

Por elo o presente informe emítese coas cautelas que se derivan de tales feitos e resta condicionado ao repertorio documental examinado.

**Primeira.-** Con carácter previo á análise da cuestión que se formula faise preciso analiza-lo aspecto relativo á lexislación aplicable ao contrato.

Neste senso atopámonos que o presente contrato foi adjudicado por resolución de data 29 de novembro de 2001, polo que se trata dunha relación contractual constituída baixo as prescricións dunha normativa precedente á vixente na actualidade. Trátase, en suma dunha situación de dereito transitorio. Na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do sector público , a incidencia que a nova lexilación suporía verbo dos expedientes de contratación anteriores foi resolta pola Disposición transtoria primeira, ao prescribir que os contratos administrativos adjudicados con anterioridade á entrada a súa entrada en vigor se rexerán, en canto aos efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e prórrogas, pola normativa anterior.

O derogado Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro texto refundido da Lei de contratos do sector público, na disposición transitoria primeira establecía igualmente que os expedientes iniciados e contratos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor do dito texto legal se rexerían pola normativa anterior.

Deste xeito, cando tivo lugar a adjudicación, a lexislación aplicable era o conxunto de normas reguladoras da contratación das Corporacións Locais (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, real decreto 781/1986, de 18 de abril) e o Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas(en adiante TRLCAP).

Non obstante o anterior, de acordo co principio “*tempus regit actum*”, o procedemento para a resolución contractual é o vixente á data de inicio do expediente de resolución contractual., polo que resulta de aplicación as normas de procedemento contidas no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

**Segunda.-** A potestade resolutoria conferida á Administración en relación aos contratos sometidos ao dereito administrativo enmárcase dentro do ámbito das denominadas prerrogativas previstas no TRLCAP, concebidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de maneira automática, senón so cando o esixa o interés público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama da actuación administrativa.

A existencia destas prerrogativas non é incompatible coa noción do contrato configurada no ámbito privado, ao contemplar o propio Código civil, no seu artigo 1258, que a boa fé, o uso ou a Lei poden impoñer ás partes contratantes obrigas que, aínda que non estando expresamente pactadas, deriven da natureza do seu contido.

O sentido e funcionalidade da resolución contractual encontra a súa cobertura legal no dereito común das obrigas e contratos, en tanto que, como sinalou o Tribunal supremo na súa sentenza de 17 de marzo de 1989, “los contratos administrativos no son sino una figura especial, con modulaciones características impuestas por su vinculación al cumplimiento de los intereses públicos de la institución contractual, siéndoles de aplicación en definitiva, salvando esas peculiaridades y características, las normas y principios de la dogmática del negocio jurídico, entre los que se encuentra la figura de la resolución contractual para el caso de su incumplimiento en las obligaciones recíprocas(artículo 1.,124 del Código Civil y preceptos concordantes) y la institución del resarcimiento de daños y perjuicios a favor del acreedor, que no es sino una manifestación del principio de Derecho de las obligaciones de que el deudor debe reparar las consecuencias nocivas producidas por causa de su incumplimiento culpable ( artículo 1.101 del Código Civil)(....)”

O exercicio desta potestade se atopa reglado desde o punto de vista formal e material, de tal forma que só pode exercerse seguindo o procedemento normativamente establecido.

O TRLCAP contempla nos seus artigos 111 a 113 unha regulación xeral das causas polas que pode operar a prerrogativa resolutoria, establecendo outra específica para cada tipo de contratos, recolléndose en concreto a aplicable ao contrato de xestión de servizos públicos nos artigos 167 a 169.

Dentro das ditas cláusulas inclúe a Lei aquelas cuxo réxime de aplicación é potestativo para a Administración, atendendo ás circunstancias que concorren en cada caso concreto, daquelas outras que determinan sempre e de maneira obrigatoria a resolución do contrato, en tanto que a súa mera concorrencia implica unha vulneración do interés público inherente á contratación administrativa.

Establece o arigo 111 TRLCAP o seguinte:

*“Artículo 111. Causas de resolución.*

*Son causas de resolución del contrato:*

- a) La muerte o incapacidad sobrevenida del contratista individual o la extinción de la personalidad jurídica de la sociedad contratista.*
- b) La declaración de quiebra, de suspensión de pagos, de concurso de acreedores o de insolvente fallido en cualquier procedimiento, o el acuerdo de quita y espera.*
- c) El mutuo acuerdo entre la Administración y el contratista.*
- d) La falta de prestación por el contratista de la garantía definitiva o las especiales o complementarias de aquélla en plazo en los casos previstos en la Ley y la no formalización del contrato en plazo.*
- e) La demora en el cumplimiento de los plazos por parte del contratista y el incumplimiento del plazo señalado en el artículo 71.2, párrafo d).*
- f) La falta de pago por parte de la Administración en el plazo de ocho meses, conforme al artículo 99.6.*
- g) El incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales.*
- h) Aquellas que se establezcan expresamente en el contrato.”*

E o artigo 112 TRLCAP que:

C.I.F. P-1503100-H

**“Artículo 112. Aplicación de las causas de resolución.**

1. La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a instancia del contratista, en su caso, mediante procedimiento en la forma que reglamentariamente se determine.
2. La declaración de quiebra, de concurso de acreedores, de insolvente o de fallido en cualquier procedimiento originará siempre la resolución del contrato.  
En los restantes casos de resolución de contrato el derecho para ejercerla será potestativo para aquella parte a la que no le sea imputable la circunstancia que diere lugar a la misma, sin perjuicio de que en los supuestos de modificaciones en más del 20 por 100 previstos en los artículos 149, párrafo e) ; 192, párrafo c), y 214, párrafo c), la Administración también pueda instar la resolución.
3. Cuando la causa de resolución sea la muerte o incapacidad sobrevenida del contratista individual la Administración podrá acordar la continuación del contrato con sus herederos o sucesores.
4. La resolución por mutuo acuerdo sólo podrá tener lugar cuando no concurra otra causa de resolución imputable al contratista y siempre que razones de interés público hagan innecesaria o inconveniente la permanencia del contrato.
5. En los casos de fusión de empresas en los que participe la sociedad contratista continuará el contrato con la entidad absorbente o resultante de la fusión, que quedará subrogada en todos los derechos y obligaciones dimanantes del mismo.
6. En los supuestos de escisión, aportación o transmisión de empresas o ramas de la misma continuará el contrato con la entidad resultante o beneficiaria, que quedará subrogada en los derechos y obligaciones dimanantes del mismo, siempre que la entidad resultante o beneficiaria mantenga la solvencia exigida al acordarse la adjudicación.
7. En la quita y espera y en la suspensión de pagos la Administración potestativamente continuará el contrato si el contratista prestare las garantías suficientes a juicio de aquélla para la ejecución del mismo.
8. Si la causa de resolución fuera la falta de prestación de garantías complementarias, la resolución afectará a la totalidad del contrato.
9. En el supuesto de demora a que se refiere el párrafo e) del artículo anterior, si las penalidades a que diere lugar la demora en el cumplimiento del plazo alcanzasen un múltiplo del 5 por 100 del importe del contrato, se estará a lo dispuesto en el artículo 95.4.
10. El incumplimiento de las obligaciones derivadas del contrato por parte de la Administración originará la resolución de aquél sólo en los casos previstos en esta Ley.”

C.I.F. P-1503100-H

O artigo 167 TRLCAP polo que respecta ás causas de resolución do contrato de xestión de servizos públicos dispón que:

**“Artículo 167. Causas de resolución.**

Son causas de resolución del contrato de gestión de servicios públicos, además de las señaladas en el artículo 111, con la excepción de sus párrafos e) y f), las siguientes:

- a) La demora superior a seis meses por parte de la Administración en la entrega al contratista de la contraprestación o de los medios auxiliares a que se obligó según el contrato.
- b) El rescate del servicio por la Administración.
- c) La supresión del servicio por razones de interés público.
- d) La imposibilidad de la explotación del servicio como consecuencia de acuerdos adoptados por la Administración con posterioridad al contrato.”

Polo que respecta aos efectos da resolución, o artigo 113 do TRLCAP :

**“Artículo 113. Efectos de la resolución.**

1. En los supuestos de no formalización del contrato en plazo por causas imputables al contratista se estará a lo dispuesto en el artículo 54.3.
2. Cuando obedezca a mutuo acuerdo los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado entre la Administración y el contratista.
3. El incumplimiento por parte de la Administración de las obligaciones del contrato determinará para aquélla, con carácter general, el pago de los daños y perjuicios que por tal causa se irroguen al contratista.
4. Cuando el contrato se resuelva por incumplimiento culpable del contratista le será incautada la garantía y deberá, además, indemnizar a la Administración los daños y perjuicios ocasionados en lo que excedan del importe de la garantía incautada.
5. En todo caso, el acuerdo de resolución contendrá pronunciamiento expreso acerca de la procedencia o no de la pérdida, devolución o cancelación de la garantía constituida.”

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

Dentro das causas de resolución recollidas no artigo 111 do TRLCAP antes transcrito recóllese na letra g) “ *el incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales*”. En relación con esta causa, debe sinalarse que, tanto no ámbito da contratación civil como da administrativa, a xurisprudencia ten advertido que non todo incumprimento contractual podería dar lugar ao dereito da outra parte a resolver o contrato, distinguíndose pola xurisprudencia aqueles incumprimentos xeradores da posibilidade do exercicio do dereito á extinción do contrato de aqueles outros que non o conlevan, aínda cando poidan posibilitar a esixencia de indemnización de danos e perdas. Tal doutrina é perfectamente aplicable ao ámbito administrativo, de forma que só os incumprimentos de obrigas contractuais esenciais poden ser xeradores do lexítimo exercicio da potestade de resolución de ditos contratos .

Para a determinación da transcendencia dos diversos incumprimentos que se produzan, o Tribunal Supremo manifestou reiteradamente ( Sentencias de 16 de outubro de 1984, de 9 de outubro de 1987, de 23 de novembro de 1988, entre moitas outras) que debe prestarse en cada caso atención ás circunstancias concorrentes, co fin de dilucidar se se está ante un verdadeiro e efectivo incumprimento das obrigas contractuais, revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa ou culposamente, os compromisos ou, polo contrario, máis ben ante un mero retraso, desfase ou desaxuste en modo algún expresivo de aquela vontade e, en definitiva, dun efectivo incumprimento da esencia dunha obriga.

Asimesmo, para que proceda a resolución debe engadirse un último requisito que ven sendo esixido pola doutrina xurisprudencial ( sentencias do Tribunal supremo de 14 de xuño de 2002, 14 de decembro de 2001, 1 de outubro de 1999) e que é que, para que quede lexitimada tan drástica consecuencia, o incumprimento debe ser relevante, no sentido de que afecte á prestación principal do contrato e que se exteriorice a través dunha inobservancia total ou parcial de dita prestación.

**Terceira.-** O procedemento para a resolución dos contratos administrativos, ven regulado nos artigos 109 e seguintes do Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tratándose dun procedemento específico atendendo ás peculiaridades que afectan á materia contractual no ámbito das Administracións Públicas, e máis concretamente e dentro dela, ao que é a extinción anticipada do contrato.

C.I.F. P-1503100-H

No artigo 109 do citado texto regulamentario dispónse que:

*“1. La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a instancia del contratista, previa autorización, en el caso previsto en el último párrafo del artículo 12.2 de la Ley, del Consejo de Ministros, y cumpliendo los requisitos siguientes:*

- a) Audiencia al contratista por el plazo de diez días naturales, en el caso de propuesta de oficio.*
- b) Audiencia, en el mismo plazo anterior, del avalista o asegurador si se propone la incautación de la garantía.*
- c) Informe del Servicio jurídico, salvo los casos previstos en los artículos 41 y 96 de la Ley.*
- d) Dictámen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma respectiva, cuando se formule oposición por parte del contratista.*

*Todos los trámites e informes preceptivos de los expedientes de resolución de los contratos se considerarán de urgencia y gozarán de preferencia para su despacho por el órgano correspondiente.”*

**Cuarta.-** No suposto examinado, o xefe de servizo de economía e facenda informa dos incumprimentos do contratista, entre os que se atopa o incumprimento da obriga de aboar o canon concesional, extremo este que queda acreditado no expediente cos informes emitidos pola tesoureira municipal.

O TRLCAP , ao relacionar no artigo 111 as causas que dan lugar á resolución dos contratos, establece , como se indicou, unha que se refire aos incumprimentos das obrigas contractuais esenciais.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

Non contrato non se contén ningunha referencia aos efectos que poideran derivarse da falta de pago do canon establecido. Sen embargo, a cláusula que establece a obriga do pago do canon debe conceptuarse como esencial na execución do contrato de xestión pública, pois supón a contraprestación que a empresa debe efectuar ao Concello pola concesión, razón pola cal o Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, dispón no seu artigo 67.4 e) que debe incluírse nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de xestión de servizos públicos e o artigo 71.5 c), nos documentos de formalización dos referidos contratos.

Por outra parte, a falta de pago da contraprestación pactada co Concello, non constitúe un retraso no cumprimento da súa obriga, nin un incumprimento parcial, senón que existiu un incumprimento total que debe calificarse como culposo, toda vez que dende o ano 2007 a empresa non abonou ningunha cantidade en concepto de canon.

A falta de pago do canon foi estimada como causa de resolución dos contratos de xestión de servizos públicos polo Consello de Estado en numerosos ditames( por exemplo os ditames 3694/1998,2509/2004 ou 415/2007) . Tamén é este o criterio doutros Consellos consultivos como o de Castela León (ditames 9/2009, de 12 de febreiro, 718/2009, de 30 de xullo ou 272/2012, de 24 de maio), Aragón ( ditame 98/2012, de 29 de maio), e Castela A Mancha( ditames 67/2002, de 30 de abril, 93/2012, de 16 de maio e 300/2012, de 12 de decembro)

Tamén o incumprimento do pago do canon é calificado como un incumprimento esencial en diversos pronunciamentos xudiciais, como por exemplo, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Murcia, de 23 de xaneiro de 2002, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares de 29 de maio e 2006, ou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de extremadura de 17 de xuño de 2012.

Polo exposto, cabe concluir que existe un incumprimento do contrato por parte do contratista por falta de pago do canon concesional , sendo o pago do canon unha obriga esencial, polo que, independentemente de que poideran existir outros incumprimentos, o procedente é a resolución do contrato.

Este motivo resulta suficientemente grave como para resolver o contrato , polo que non se estuda o alcance dos restantes incumprimentos invocados, todo elo sen prexuízo da obriga do contratista de indemnizar ao Concello dos danos e perdas causados por todos os incumprimentos.

Cómpre advertir que dos datos que arroxa o expediente , alomenos esta causa de resolución do contrato ( o impago do canon), existe dende o ano 2007 e consta acreditado o incumprimento co informe da Sra. Tesoureira municipal de data 17 de febreiro de 2012, sen que durante todo este tempo se procedese á resolución do contrato, polo que, a xuízo das que subscriben, procede a depuración das posibles responsabilidades contraídas.

## CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, a xuízo das que subscriben procede a resolución do contrato, con incautación da garantía constituída, e indemnización ao Concello dos danos e perdas causados.

A resolución dará lugar a que deba liquidarse o contrato, actuación que debe desenvolverse mediante un procedemento contradictorio, con audiencia ao contratista.

É o que expoñemos neste informe que sometemos a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que por suposto vai votar a favor pero lle queda a dúbida de por que non se comezou con este expediente moitísimo antes cando se soubo que os pagamentos desta concesionaria non se facían correctamente, pois agora haberá que ver se as indemnizacións que lle puideran corresponder ao Concello se poderán cobrar.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere comezar aludindo ao relato do Sr. Diego Taibo do que parece desprenderse que esta é unha tramitación totalmente ordinaria do expediente cando nada máis lonxe, sen facer ningunha alusión non xa ás preguntas feitas polo BNG respecto deste expediente, senón ás responsabilidades que cada un dos concelleiros das distintas áreas puidera ter respecto desta tramitación nefasta, impresentable e con serias dúbidas de responsabilidades incluso penais; que Culleredo é un concello curioso que non ten por exemplo unha piscina pública pero si ten unha instalación hípica pública cunhas instalacións, según ten escoitado, de bastante boa calidade, da cal se tramitou unha concesión a unha empresa que se presentou voluntariamente a un concurso público e que fai unha oferta dicindo que vai pagar 12.000 euros ao ano os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes durante 25 anos, que se vai encargar da limpeza e do mantemento, da conservación, de contratar o persoal necesario, atendendo a todas as demandas do proxecto, sucedendo despois que ao moi pouco tempo deixa de pagar e non se lle reclama nada, polo que non só este expediente se presenta tarde, tal como dixo na súa intervención o Sr. Lozano, senón que desde hai máis de dez anos a cada impago de 12.000 euros ao semestre non se lle requería o pago e non se facía unha notificación fehaciente como corresponde nestes casos, sen que o equipo de goberno teña unha explicación que darlle ao pobo de Culleredo que paga relixiosamente tanto as súas taxas, como a súa contribución, o seu imposto de rodaxe e demais, e se se pasa un día do prazo establecido ten un recargo, e se non paga iníciase unha vía de cobro executivo podendo chegar a un apremio dos seus bens, incluso cunha débeda de 300 ou 500 euros dun recibo de contribución, ou 100 ou 200 euros do imposto de rodaxe do seu vehículo, dándose neste caso a casuística de que unha persoa que se presentou voluntariamente a un concurso público de concesión, reiteradamente ao longo de dez anos, debendo 12.000 euros cada seis meses, non é requerido de ningunha forma, parecendo que ao equipo de goberno lle dá a risa cando a el lle dá ganas de chorar pois é unha suma de 326.000 euros se non recorda mal, cantidade abrumadora que debería supoñer, se houbera decencia, a renuncia ao seu cargo en masa pois todos forman parte dun equipo de goberno que toma estas decisións.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención preguntando que vai pasar agora cos traballadores, tema sobre o que o BNG leva preguntando xa máis de dous anos, tempo suficiente para ir preparando que vai pasar con este tema, con estes traballadores que quedan nun limbo legal e dos que se habería que preocupar, cos animais que hai alí, recordando que xa tivo que intervir Medio Ambiente nestas instalacións despois de advertir ao Concello de Culleredo que estaba incumprindo en cuestións de maltrato animal; que no expediente de resolución que se somete ao Pleno hai un informe conxunto da Interventora e da Secretaría no que conclúen, entre outras cousas, que procede depurar responsabilidades, non sendo a primeira vez que din esto e que xa hai demasiadas cuestións neste mandato que claman ao ceo, lembrando o expediente do Centro Loxístico de Ledoño no que tamén había un informe que dicía que había que depurar responsabilidades, ou a parcela do colexio Ría do Burgo, no que houbo que pagar un millón e medio de euros por 3.000 metros de zona verde, e múltiples cuestións máis que darían lugar cada unha delas a que o equipo de goberno fora para a casa; que canto máis mira as notas que tomou cando revisou o expediente despois de moita insistencia de pedir o acceso a el, ve moitas cuestións que lle estrañan como por exemplo como é posible que unha inmobiliaria moi coñecida compre unha sociedade no ano 2009, a sociedade concesionaria desta instalación, que xa acumulaba unha débeda de 56.000 euros, preguntando a que se debe que unha inmobiliaria teña interese nunha sociedade que acumulaba xa débeda e que na páxina web da concesionaria se publicite que alí ía haber un campo de golf, solicitando se lle diga a que se debe que na documentación inicial do PXOM apareza nuns planos unha gran bolsa de terreo arredor do espazo que ocupa esta instalación cunha calificación e noutros planos non apareza, inducindo a unha total confusión; que son demasiadas cuestións que botan moita escuridade sobre esta tramitación, e que o equipo de goberno debería aclarar por que non se lle requeriu durante máis dunha década o pago das débedas pendentes no seu momento e o por que da dificultade en acceder á documentación deste expediente, pois xa no informe conxunto de Secretaría e de Intervención se di que non aparece certa documentación no sistema informático OpenCertiac do Concello de Culleredo o que xera dúbidas acerca de se se ten acceso ou non a toda a documentación, preguntando por último cando ten pensado o equipo de goberno iniciar a liquidación pois hai máis que evidencias para calquera que se acerque a instalación de que aquilo está feito un desastre e de que unha vez que se taxe todo o deterioro debido á falta de mantemento, ao descuido e a non ter cumprido co

15 de 17

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

establecido no contrato vai resultar unha débeda de gran tamaño polo que quere que se lle diga como se vai realizar a taxación, a liquidación e determinar todo o que se debe ao Concello de Culleredo dado que a fianza é de unicamente un aval de 120.000 euros, esperando que non haxa ningunha sorpresa con este aval como pasou noutras ocasións e que polo menos se poida recuperar esa cantidade, que supón unha terceira parte do que debe só en metálico, á marxe da liquidación que procede polo deterioro das instalacións patrimonio público que o equipo de goberno do Concello de Culleredo non é quen de coidar, motivo polo que, de ter un mínimo de dignidade, deberían irse para a casa en conxunto.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que vai solicitar información sobre diversas dúbidas que ten en relación con este expediente e espera que esta vez si se lle conteste pois no punto anterior fixo tamén algunha pregunta e se votou a favor da proposta sen que se lle contestara nin aclararan as súas dúbidas; que están a favor da rescisión deste contrato, un tema que vén de lonxe pois xa no ano 2014 o grupo popular trouxo este asunto ao Pleno advertindo das moi malas condicións nas que se atopaba "A Garrocha", que as instalacións daban pena, cunha situación incluso de risco, aportando fotos de como se encontraban as ditas instalacións, sendo notorio e así o dixeron moitos dos seus usuarios o incumprimento de moitos dos requisitos; que nos últimos dous anos o voceiro do BNG tamén trouxo varias veces ao Pleno este tema e preguntou sobre isto, que hai que rescindir o contrato, que están totalmente de acordo e xa o dixeron no Pleno de setembro; que hai un aval de 120.000 euros e que eles botaron as contas tamén e les sae que o que deixou de pagar a concesionaria polo canon son bastante máis de 300.000 euros e que non lle saen moi ben as contas; que a concesionaria no contrato comprometíase a desenvolver unhas actividades, sendo notorio e público que non se cumpriron esas condicións, preguntando se o Concello ten feito algún tipo de inspección non só antes senón incluso agora tras o inicio do expediente para saber en que condicións se atopan as instalacións da Garrocha, unhas instalacións que son públicas, do Concello e de todos os veciños, que grao de deterioro teñen, se hai algún tipo de valoración económica para determinar de cantos cartos se está a falar e canto vai costar, temendo que o deterioro e falta de pago ascendan xa a cantidades millonarias, pois máis de 200.000 euros xa se van perder polos impagos pero queda determinar canto máis hai que poñer para recuperar esas instalacións que son de todos; que agora tráese a rescisión definitiva e pregunta se hai algún proxecto para estas instalacións, se vai seguir funcionando como un club ecuestre, de limitados socios, ou hai algún outro proxecto e se vai abrir á cidadanía con outro tipo de actividades que xa estaban previstas no proxecto inicial e que ata o de agora non se estaban a desenvolver, se a veciñanza de Culleredo vai participar dalgún tipo de proxecto deportivo ou cultural nesas instalacións públicas e se a concesionaria dispón de bens que poidan responder do resultado da liquidación.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañás Varela lembrando un Pleno do 2011 no que se dixo que se esbaba a executar un local social municipal, cre que un local de ensaios que parece ser que estaba a construír de forma irregular o Concello nesas instalacións e que foi denunciado por APdeC no seu día, preguntando como está ese local, que foi del, se se construiu ou non, se está rematado ou non, e en caso afirmativo quen o utilizou durante estes sete anos; un salón de actos e local social situado na primeira planta, se funciona ou non funciona; que todas estas dúbidas deberían ser aclaradas e alguén debería estar xa en disposición de poder contestar.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a proposta que hoxe se trae ao Pleno é o cumprimento do compromiso adquirido, un compromiso que se adquiriu en setembro do 2018 cando se acordou a rescisión do contrato, traendo hoxe ao Pleno a súa rescisión unha vez que se detecta o incumprimento de certas cuestións como por exemplo o impago do canon; que non pon en dúbida que todos votarán a favor da rescisión deste contrato porque é o que procede e é o procedemento que hai que seguir e que a liquidación vai xa no punto número tres, procedendo primeiro á resolución do contrato, tras a cal iníciase a fase de liquidación na que corresponde establecer a indemnización que lle puidera corresponder ao Concello como consecuencia dos diversos incumprimentos do contratista, tras a entrega das instalacións e o seu exame para determinar a súa situación verdadeira e valorar e liquidar o que alí hai.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I018S</b>	<b>USG/2018/213</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
600Z 5Y04 1506 2132 0A6P	

Deseguido solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que nin o Sr. Taibo Monelos nin o Sr. alcalde contestan a ningunha das cuestións que se lle preguntaron sobre este tema, preguntando se se teñen reunido cos traballadores, e que non serve dicir que a liquidación vén despois da resolución do contrato porque desde o mesmo día da resolución hai que ocuparse de todo o que hai alí, en particular dos traballadores, pois o lóxico sería telos chamado xa e falar con eles pois quedan totalmente en precario, sen un empresario de referencia, sen falar das responsabilidades das que faláron, que o BNG vai pedir.

Intervén a continuación o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que loxicamente tras a resolución do contrato, unha vez notificado, procederáse co que os técnicos municipais aconsellen, lembrándolle ao Sr. Chouciño Garrido que desde o 2007 ata o 2013 o BNG tivo tamén responsabilidade sobre este tema que se está a resolver desde que el é alcalde, e que o BNG gobernou tamén durante ese tempo con mutismo absoluto.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de decembro de 2018, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de decembro de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as catorce horas do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H